



Intervención de Inés Rey, alcaldesa da Coruña, na Recepción de Nadal do Concello

A Coruña, 21 de decembro de 2023.- As datas son importantes. Por iso cada Nadal reunímonos aquí, neste Salón de Plenos, para aproveitar estes días de confianza e reflexión e repasar o feito durante o ano que deixamos atrás, así como o moito e ilusionante que está por vir. E que as datas sexan importantes implica que tamén o son as efemérides; a elas podemos recorrer para exemplificar o carácter e os afáns da Coruña; elas outórganos unha continuidade histórica sen a que resulta imposible entender a cidade que somos e a que queremos ser. Co seu permiso, voume deter nun par desas conmemoracións.

Como saben, este ano celebramos o 50 aniversario do falecemento dun coruñés universal, un dos moitos dos que pode presumir esta urbe. Festexamos en 2023, con diversos eventos, a Pablo Ruiz Picasso, talvez o máis importante artista do século pasado, cuxo talento tivo nas nosas rúas orixe e inspiración, algo que nos lembra que o noso lugar no mundo nunca debe ser secundario, así como que é a nosa obriga manter a vertente vangardista que define A Coruña.

Así creo que o fixemos en 2023, cunha programación cultural e internacional de primeiro nivel; a que nos corresponde. Confirmando, unha vez máis, que somos o Faro de modernidade de Galicia.

Picasso viviu entre nós de 1891 a 1895. E xusto no medio de tal período, e ante os seus ollos, tivo lugar a outra data que quero lembrarllas. Refírome á revolta cívica que esta cidade protagonizou en 1893, da que se cumpriron 130 anos. Ante a decisión de deixar A Coruña, e a Galicia, sen a capitánía militar que ostentábamos, produciuse unha enorme e transversal protesta, que mesmo levou a Corporación enteira, presidida polo alcalde José Soto, ao cárcere. Mais, finalmente, esa forte oposición municipal e cidadá obrigou a rectificar a inxusta medida. Hai moitas ensinanzas sobre aquilo que podemos aplicar aínda hoxe, como a de que diversas ideoloxías se xuntaron como unha soa polo ben da Coruña.



Con éxito. Non o esquezamos. Esa visión unitaria e comprometida da nosa cidade segue estando vixente, iso ten que continuar sendo A Coruña, o único ao que nos debemos.

O Picasso que presenciou aquel movemento coruñesista e galeguista foi tamén o que algúns anos despois sinalou, nun poema, o branco e azul como cores da súa personalidade, en recordo da etapa na que aquí viviu.

Falamos dese branco e azul que é símbolo da Coruña e de Galicia e que, neste 2023, viviu tamén momentos con reberete negro. Non podo esquecer hoxe a memoria de símbolos da nosa cidade que nos deixaron, como Amancio Amaro, Luis Suárez e Arsenio Iglesias. Eles foron, e serán, referentes das paixóns populares da Coruña que, por desgraza, non puideron ser acompañadas aínda pola actualidade do noso querido Dépor, que quedou a un paso de culminar con ascensos a tempada tanto en categoría masculina como feminina.

Mais, nun exemplo marabilloso, a cidade segue aí, apoiando, co orgullo e a identidade que nos caracteriza, porque así somos, como puidemos comprobar en verán, cando milleiros acudiron a esta praza de María Pita para seguir o pregón dun campión do mundo que tamén se sente coruñés, Lionel Scaloni, ou a presenciar o partido que elevou ao máximo a algunhas futbolistas que foron das Nosas, e que gañaron o Mundial con España.

Non fai falta que lles recorde os tristes acontecementos que eclipsaron esa fazaña da selección feminina. Unha vez máis, a sombra do machismo converteu a felicidade en condena, algo ao que esta cidade de grandes mulleres non pode ser allea. E non o é. Nun plano aínda máis duro, 2023 resultou un ano funesto da violencia de xénero, con cifras insoportables.

Nun momento de tanta gravidade coido que é necesario manter a posición común da cidade contra esa eiva, de continuar deixando fóra do noso consenso básico o negacionismo, de manter liñas hixiénicas en fronte do machismo organizado. Ese é o único método que evitará ter que volver gardar neste Pleno, como fixemos en setembro, 28 minutos de silencio en lembranza de 28 mulleres asasinadas durante o verán só por selo. Temos que parar esa conta terrible.



O antídoto chámase Igualdade, a mesma que con grandísimo talento defendeu a coruñesa á que o próximo ano estará dedicado o Día das Letras Galegas: Luísa Villalta.

Hai seis meses, neste mesmo lugar, agradecinlle á Coruña a decisión de que non fose fugaz o mandato da primeira muller elixida democraticamente como alcaldesa. Volvo facelo.

2023 estivo marcado, como corresponde cada catro anos, polas eleccións municipais, que simplificaron este Pleno, de novo con maioría progresista pero sen perder a pluralidade.

Sinceramente, creo que as forzas políticas resolvemos bastante ben as lóxicas tensións que se derivan da contenda electoral. E, polo mesmo, penso que non deberíamos perder esa esencia, que é a que nos solicitan os e as cidadás, que saben que a hipérbole nada axuda a resolver os seus problemas ou impulsar os seus soños. Nese sentido, volvo facer un chamamento ao diálogo, pero tamén á responsabilidade, a estar ao nivel que esixe a encomenda de representar A Coruña, circunstancia que nos impón un alto nivel de respecto polo de en fronte, básico na convivencia democrática, moi especialmente nunha urbe coa enorme traxectoria en defensa das liberdades como é a nosa.

Non é o momento de artificios que nos exporten illas de crispación doutras latitudes, e si o de chegar a acordos que favorezan a coruñesas e coruñeses. Nesa liña, o 2024 que está a piques de comezar trae boas novas para a cidade. O diálogo non é só talante, senón que pode e debe ser eficacia. Así o demostra o feito de que a próxima semana aprobaremos previsiblemente de forma definitiva, en tempo e forma, o orzamento municipal para 2024.

Sen deixar a ninguén de lado, coa porta sempre aberta aos consensos co grupo popular, coido que hoxe cómpre poñer en valor o acordo alcanzado polo goberno local socialista e os representantes do Bloque Nacionalista Galego, aos que lles agradezo publicamente a súa disposición e traballo, así como a responsabilidade ao facer valer a maioría progresista deste Pleno. O noso entendemento vaise traducir nos orzamentos máis altos e sociais da historia da cidade, próximos aos 400 millóns, respondendo así ás políticas coas que nos comprometemos diante dos nosos veciños e veciñas.



Na miña sesión de investidura en xuño díxenlles que quería que este mandato engadise ao diálogo e á amabilidade aínda máis proximidade. O orzamento para 2024 supón plasmar de xeito oficial esa intención, que certifica os barrios da Coruña como eixe central do noso proxecto. Ás moitas cuestións desatoadas nos últimos anos sumamos agora outra batería de iniciativas que suporán un investimento histórico nos barrios, como a Agra, Novo Mesoiro, Xuxán, Barrio das Flores ou Monte Alto. En realidade, chegarán a todos, e incidirán na nosa aposta polos espazos públicos para as persoas, así como á irrenunciable nova forma de mobilidade. Nese sentido, 2024 tamén será un momento importante para o transporte público, no que modelaremos novas rutas e mellores servizos.

Ao mesmo tempo, e tal e como ocorreu neste que acaba, o próximo ano seguiremos completando pasos cara a resolución definitiva dos grandes retos de cidade.

2023 foi positivo nese eido, con avances na ampliación e humanización de Alfonso Molina, na Cuarta Ronda, na Intermodal ou no Novo Chuac, en todos os casos co Concello xogando un papel relevante. Con todo, estes indubidables pasos adiante non negan a existencia doutros problemas enquistados nos que temos que seguir traballando. Permítanme sinalar un deles, o do acceso á Vivenda, cuxas tensións aspiramos a aliviar sempre que contemos coa axuda das institucións que teñen competencia na materia.

Así mesmo, o pasado mandato o goberno local procedeu a implicarse directamente nas necesidades industriais da cidade e da comarca. A Coruña pode ser unha potencia no campo das tecnolóxicas, por iso -xunto á Universidade e outras administracións- demos un pulo á Cidade das TIC, que terá xestión pública mediante un órgano de gobernanza con maioría municipal, e que xa é un dos principais tractores do futuro de Galicia.

E, por suposto, 2024 será o ano da posta en marcha de forma efectiva da AESIA, a Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial.

Unha vez a Xustiza constatou, como sabemos, que a nosa candidatura era a mellor e que foi designada con total limpeza, chega o momento da posta en marcha e consolidación dunha iniciativa que nos sitúa á cabeza de Europa no gran desafío social e económico destes tempos.



Por último, non quero esquecerme do desenvolvemento da nosa fachada marítima, que é tamén o do noso Porto Exterior, que cada día ten máis preto o remate da necesaria conexión ferroviaria, que comezou a concretarse cunha xuntanza das partes neste Palacio de María Pita e que contou coa complicidade do goberno central, que tamén está xogando un papel decisivo na consecución deses fondos europeos que poden converter Langosteira nun hub da enerxía verde.

Mais, como non pode ser doutro xeito, o noso gran reto como cidade en 2024 será a definición da nosa fachada marítima. Un desafío e unha oportunidade no que espero contar, e estou segura de que así será, coa colaboración de todas as institucións implicadas, porque do deseño que fagamos dependerá en gran medida o futuro da nosa cidade.

Futuro que xa estamos a conquistar cada día, recuperando o liderado da nosa cidade en todos os ámbitos, especialmente no cultural, onde somos xa a referencia do noroeste peninsular para a celebración de eventos, situándonos, segundo o Observatorio da Cultura, e por primeira vez na nosa historia, entre as 10 mellores cidades de España en calidade e innovación da súa oferta cultural.

E tamén no sector turístico conseguindo que Alvedro sexa o aeroporto que máis medra de Galicia e máis do dobre que a media nacional.

Así, a relación do Concello co resto de administracións é, sen dúbida, outra das cuestións que debemos ponderar en 2024. Nese sentido, a ninguén se lle escapa a significación que terán as vindeiras eleccións autonómicas.

En todo caso, creo que todos podemos compartir que por riba de nós existen uns desafíos de cidade nos que é posible que todos atopemos un punto común. A Coruña non pode seguir sendo un afluente da autonomía cando é o seu caudal máis abundante.

Somos a capital económica, social e cultural de Galicia. A súa Cabeza do Reino. As políticas que se marquen desde as institucións do autogoberno deben ter en conta esta condición, se non queren reducir a potencialidade do país.



Son múltiples as cuestións nas que existe un déficit coa cidade e a súa Área e nas que os tres grupos desta cámara podemos atopar consensos, porque non hai pacto polo progreso de Galicia que non pase por un pacto polo progreso da Coruña. Nese aspecto, como en tantos outros, a miña man sempre seguirá tendida.

Como lles contaba ao principio desta intervención, foron eses veciños nosos de hai 130 anos que se rebelaron contra a perda da Capitanía os que, desde A Coruña, crearon a idea moderna de Galicia. O galeguismo desde aquel día foi tamén coruñesista e o coruñesismo, sen dúbida, só pode ser desde entón galeguista.

Como dicía naquelas datas o doutor republicano Ramón Pérez Costales para trasladar as xustas reivindicacións da cidade: “Non é A Coruña soa, é Galicia enteira”.

Iso fomos. Iso somos. E iso imos seguir sendo. Un lugar especial. O motor desta nacionalidade histórica, unha referencia indispensable para o noroeste peninsular. O mesmo Pérez Costales que liderou aquela mobilización exerceu tamén, desde esta cidade, como primeiro mecenas de quen logo sería un xenio universal, Pablo Picasso. E foi o pintor malagueño o que dixo, décadas despois da súa estadía aquí: “Os meus sentidos abríronse na Coruña”. Non se me ocorre mellor afirmación para rematar este 2023 e comezar 2024. Sigamos sendo unha cidade que abre os sentidos.

Moitas grazas.